

O máis extraño

Manuel Rivas

Edicións Xerais. 23 €

O autor reúne todos os seus relatos nesta obra, que é tamén unha psicoxeografía, unha zona de rescate da memoria fronte á amnesia, onde o desexo loita contra a morte e a imaxinación levanta o voo. Así, emerse un mundo que parecería estar á espreita da súa invención. En *O máis extra-*

ño aparecen relatos xa célebres como “A barra de pan” ou “A lingua das bolboretas”, contos extraordinarios por descubrir como “A chegada de Ingrid”, e inéditos sorprendentes como “A sombra do soño”. Unha pescuda no enigma humano, cunha linguaxe incandescente e indócil.

